

## Son de poesía

**Xoán Carlos Domínguez Alberte (ed.)**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

DOMÍNGUEZ ALBERTE, XOÁN CARLOS (2011 [2005]). *Son de poesía*. Lisboa e Santiago de Compostela: Edições Fluviais e Livraria Couceiro. Reedição en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1605>>.


#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

DOMÍNGUEZ ALBERTE, XOÁN CARLOS (2005). *Son de poesía*. Lisboa e Santiago de Compostela: Edições Fluviais e Livraria Couceiro.

\* Edición dispoñible desde o 20 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

son de poesía



*son de poesía*

# *son de poesía*

Selección de autores e edición  
de Xoán Carlos Domínguez Alberte

2005

## Palabras en prosa

Este libro naceu coa intención de se converter nunha homenaxe da palabra viva na nosa lingua a varios poetas galegos desaparecidos nos últimos tempos: Antón Tovar, Manuel María, Xela Arias, Luísa Villalta. O título, *son de poesía*, fai referencia, polo tanto, ao carácter inmorrente da súa obra literaria e asemade ao pulo creativo incesante que alenta no interior dos seus libros, destas páxinas.

A iniciativa concibiuse ao abeiro da *incomunidade* (a páxina electrónica é <http://incomunidade.blogspot.com>), este porto franco de creatividade que une autores galegos e portugueses. Algún dos poetas citados significouse especialmente en trazar pontes de diálogo entre a cultura portuguesa e a galega. De aí que esta proposta queira contribuír tamén ao intercambio da expresión entre ambas as linguas e a promover a creación –poética, plástica– conxunta.

Os autores e autoras que figuran neste volume constitúen de seu –lonxe de calquera escolla grupal máis ou menos reducionista– unha boa mostra da pluralidade creativa da cultura portuguesa e galega actual. As contribucións achegadas son orixinais feitos en exclusiva para este libro. Para eles e elas vaia, entón, todo o agradecemento.

*son de poesía* editáse grazas ao patrocinio xeneroso de dúas entidades –portuguesa e galega– que dende hai moito tempo veñen traballando en prol de superar fronteiras artificiais e de apoiar a nosa literatura. Referímonos ás Edicións Fluviais –o

© Dos poemas do inicio: herdeiros de Antón Tovar, Manuel María, Xela Arias, Luísa Villalta.

© Da introdución: Xoán Carlos Domínguez Alberte.

© Das creacións: Alberto Augusto Miranda, Alexandra Bernardo, Alexandre Teixeira Mendes, Ana Romaní, Anxo Angueira, Anxo Pastor, Aurelino Costa, Baldo Ramos, Bernardino Graña, Estibaliz Espinosa, Fernando Martinho Guimaraes, Fran Alonso, Gonzalo Navaza, José Carlos Soares, José Viale Moutinho, Lois Gil Magariños, Luísa Mota, Luz Pozo Garza, Manuel Álvarez Torneiro, Manuel Forcadela, Manuel Vidal Villaverde, Miro Villar, Pedro Gonzalves, Pilar Pallarés, Rafa Villar, Salvador García-Bodaño, Vergílio Alberto Vieira, Xavier Rodríguez Baixeras, Xulio L. Valcárcel.

Edita:

Edicións Fluviais – Lisboa

Dirección literaria: Alberto Augusto Miranda

Departamento Literario da Sociedade Guilherme Cossoul

Av. D. Carlos I, 61-1º

1200-647 Lisboa

<http://incomunidade.blogspot.com>

Tfn.: +351.965817337

Libraría Couceiro S.L.

Santiago de Compostela (Galiza)

[www.librariacouceiro.com](http://www.librariacouceiro.com)

Tfn.: 981 565 812

Fax: 981 572 239

Realización: Galigraf Galicia

ISBN: 84-609-7637-8

Depósito Legal: C. 2.188-2005

1ª edición: Lisboa/Santiago de Compostela, outubro de 2005.

Tirada: 1.500 exemplares.

mesmo se podería dicir, entre outras iniciativas, doutros selos editoriais como Edições Tema ou Edições do Buraco— e tamén á Libraría Couceiro de Santiago de Compostela, a cuxos responsables lles estendemos a nosa gratitud.

Con relación á estrutura deste volume cómpre dicir que, para cada unha das catro seccións que contén, se escolleu un título suxestivo de cada un dos escritores homenaxeados, que abondase para proxectar un resplandor do seu potente estro creativo.

E neste sentido quérese facer referencia ao relativo do encadramento das contribucións, tanto poéticas coma plásticas, dos creadores participantes, xa que isto non supón máis ca unha cuestión de organización de todo o material por parte do editor desta publicación.

Si é certo que moitos dos autores manifestaron o seu interese por incluír a súa colaboración nalgunha das seccións en concreto do libro. Mais o que, en definitiva, pretende esta obra é, a partir do alento presente destes catro poetas lembrados, seguir escribindo con tinta nas liñas do sangue da vida.

E para lle pór o ramo a esta introdución reproducense uns versos de cada un dos catro libros que lle dan título a cada unha das seccións. É un xeito de tenzón a catro voces nas que se deixar sentir a poesía viva, profunda, a palabra exquisita, latexante dos nosos poetas.

Antes que veña a noite, xa por tras,  
cómpre saber chegarse ó vento  
i a ise río de cousas amarelas  
que anda a fuxir arreo,  
como si fora humán;  
cómpre sentir o peso  
das cousas morredizas, encol da nosa pel

fuxitiva tamén cara ó silenzo,  
i antras súas compañías decatándose,  
no balbor do seu verso,  
da gracia de estar vivo  
nos seus dediños cegos,  
que nos apreixan  
pra que tripe por eles o desexo.

ANTÓN TOVAR

Ollada a Terra Chá dende as alturas  
é semellante a un mar en calma.  
Pra medila só valen dúas mensuras:  
¡ferrados de corazón, fanegas de alma!

MANUEL MARÍA

Son quen de verquerche abrazos de contos  
brazadas xa ves de melodías

Pero deixa deixa agora  
que esquezan os nosos nomes os paxaros que ensinamos  
e volvan novos ó tempo da inocencia  
e... deixa deixa agora que esquezamos  
onde van os nosos corpos en traslado

Entón serei eu quen lle preste  
ó teu sono as fontanas de xazmín  
... e as augas novas

XELA ARIAS

ONDE nós nunca pasan os trens  
Só chegan ou parten  
Por iso tamén somos nós

a nosa última estación  
o noso amor definitivo

Así podemos marchar  
no único sentido posibel  
ou esperar o avalo dos viaxeiros  
para sentirnos expandidos nas miradas estrañas  
que chegan arrastrando as bambolinhas do mundo


Onde nós non hai nunca outro destino  
que ser un anónimo fin  
ou un glorioso comezo

Luísa Villalta

Esta é a verdade auténtica do pensamento sempre vivo na  
palabra poética. A aposta polo compromiso, pola vida, é a que fai  
nacer decontino son de poesía.

XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE  
Brión, verán de 2005

*arredores*



## Micropolifonías

Estíbaliz Espinosa

Son raros estes humanos.

Un día nacen. Poñen a proba o mundo enteiro.  
A persistencia desa inesperada mutación do cosmos chamada  
vida.  
Esa estirpe bastarda de estrelas e de forzas.

Son raros.

Non saben qué fazer con eles mesmos. Pois aí os tes.  
Recén creadas as mans. Pois aí as tes.  
Cando rin en medio das tempestades ou desesperan de puro  
pracer.  
Qué me dis diso que fan coa larinxé. Pode ser inaudible,  
malinterpretable, estentóreo, febril...  
Rascan cordas sobre a madeira coas crins dun cabalo. E obteñen  
algo que non se parece a nada do que existe no universo. O  
único que non mimetiza forma ningunha. Que mana coma o  
sangue dunha ferida e o seme e a lava.

Son raros.

Son rarísimos.

Pelexan por nomes, por belezas, por espacios, por fe. Perséguense  
en corredores escuros e logo fan que non se coñecen. Tortúranse.  
Regresan xuntos dalgún lugar e conxugan un futuro que nunca

sucede. Alívianse mutuamente con vendas e drogas e palabras.  
Distánçianse de si mesmos cunha ironía fecunda.  
Deles é a dúvida, a senrazón, o paroxo, a suspicacia.  
Contemplan galaxias que non saben da súa soedade.  
Deles é o ruído, a música reservada para eles, para eles desde o principio das estacións.  
Viven desde antes de chegar a este mundo.  
Viven moito despois de abandonar este mundo.  
Crense inmortais. Pero dalgún xeito *creer* e *ser* son o mesmo verbo.  
Converten en cerdeiras, no interior dos ollos dalgún animal nocturno, en madeira de violín, en crins de cabalo.  
Converten no que sempre quixeron ser, no que sempre foron.  
Mutan continuamente e despistan aos que se quedan.

Son raros.  
En todo o raro sempre hai algo de marabilla.  
Cando aman algo profundamente, evitan nomealo.  
Son estraños.  
Ás veces non saben qué facer coa memoria.  
Ás veces din palabras sen sentido.  
Ás veces, Luísa miña, ás veces

## Viaxe ao Oeste

Xulio L. Valcárcel

*Eu quixera  
ser outro.  
Non o vello que son.  
O outro  
que aló ficou, atrás,  
dos espellos no fondo...*

ANTÓN TOVAR

Cando me chegue a hora  
de emprender a viaxe cara o Oeste,  
recolla a áncora e me afonda  
quedamente  
nas sombras do solpor,  
non te levarei conmigo.

Irei senlleiro e digno  
esquivando como poda  
pozos, trampas e celadas  
cara unha casa que me agarda,  
e da que non cabe esperar  
nunca o regreso.

Cando me chegue o día  
de emprender a viaxe cara o Oeste

e deixe atrás todo canto amo,  
irei espido e limpo desexando  
que a navegación do sol  
polo espazo insondable da noite,  
aviveza nos meus ollos a lembranza  
daquel tempo sinxelo e pleno  
contigo compartido.

Eu xa non estarei  
pero se por acaso algún coñecemento  
concedido me fose, sabe que levarei gravada  
por sempre a túa imaxe,  
musitada a mellor oración  
para os meus labios:  
o teu nome, amor, que encheu de gracia  
as horas ardidas do pasado.

### Soneto Habana Blues

Miro Villar

Outra fisiognomía polo tempo estragada,  
gastada no traxecto dos días e das horas.  
Qué outro mundo feliz, qué infancia rememoras?  
Qué misterio profundo se agacha nesa ollada?

Habana patrimonio, capital derrotada,  
esperanzas que mudan en sombrizas demoras.  
De brazos resignados, porque ti nunca chorás,  
vindicas o futuro, xornada tras xornada.

E aproveitas fragmentos diversos das ruínas  
para restaurar vida, construí movemento  
e avanzar lentamente no rostro que endurece.

E agardas que un fermento rebente nas rutinas  
que fixeron das rúas lugar de pensamento  
onde o día entretece o que a noite desece.

Manuel Forcadela

na memoria de Antón Tovar, de Manuel María,  
de Luísa Villalta, de Xela Arias

¡Adeus Literatura, meu prístino país  
De torres silandeiras e muros derrubados!

Deixei de crer en ti. Xa nada nos reúne.  
Non somos más que antigos amantes separados  
Por lúas de paixón, por meses de distancia,  
E teño que deixarte, partir para outros mares,  
De pé sobre as madeiras dun vello pailebote,  
Sumido no meu pranto de bêbedo e suicida,  
A oír o acordeón funesto da nostalxia.

Adeus, maldita dama, infiel e mentireira,  
Deitada sobre os lenzos de seda do casino  
Á espera do tafur, do conde, do malandro,  
Solemne prostituta, fantasma da linguaxe.

Adeus vello navío, veleiro en que embarquei  
Á busca doutras illas e mares e linguaxes,  
Soberbio capitán, tamén pirata ás veces,  
Soñando achar a lúa deitada sobre as augas,  
As frautas dun idilio, as cabras dun pastor.

Adeus, paixón vehemente da miña mocidade,  
Oh río tropical de matos e espesuras  
Que xorden impregnadas de palabras,  
Sublime compañeira das horas do verán,  
Ti, dama que ficou, na épica das horas,  
Á espera de que un vento de novo me levase,  
Propicias as xornadas, á patria de regreso,  
Penélope e Ulises, Xenebra e Lanzarote.

Adeus, bebida doce, alcólica visión  
De mundos sulagados, de montes posuídos  
Por lavas e por lumes, por tropas á conquista  
De torres e cidades.

Eu son o que noutrora, ao son de frauta aguda,  
Sereno modulou bucólicas cancións.  
Despois deixou a patria, sumido na cobiza  
De longos horizontes,  
E foi polos camiños do imperio dilatando  
Xornadas dunha heroica mocidade,  
E así chegou un día aos límites de Troia,  
Acaso tres mil anos despois de que os aqueos  
O fado coñecesen e o gume das espadas.

As dádivas de Grecia fixéronme feliz  
E souben que eran eses os camiños  
Que había percorrer nos tempos en que, logo,  
Despois de que a viaxe rendese cos seus froitos  
Tributo a aquela patria orixinaria,  
Volveuse ao meu país, tentando prodigar  
Nos cantos que facía o voo daqueles fumes.

E así, Literatura, entrei de cheo en ti,  
Sen darmo nin sequera un tempo para abrir  
Os ollos e atender á lúa que chegaba,  
Celeste sobre un manto de tebras e distancia.

son de poesia

---

Alberto Augusto Miranda

Dedicava-me a espetar os garfos  
como se tivesse o conhecimento  
da vida e da morte.

No meu quarto capital, ardia.

Depois asfaltava o ego antigo e fugia  
de todos os transportes.

A massa histórica existe, está-me  
na cabeça qualquer gaveta que abra  
é uma época, uma cidade, um casamento, um herói.  
Como posso existir no meio desta gravidez?

Os canais de veneza, onde a peste  
era esfinge  
tinham um bordão submarino: a criança

a alga que a gôndola sobrepunjava.

aquela curva de olhar  
de nunca mais olhar para a frente  
contrário às andorinhas.


José Viale Moutinho

Vou envelhecendo, eu sei que a cabeça cada vez se mete mais debaixo do braço, querendo adormecer, pedindo aos olhos que apenas releiam aqueles livros que lhe deram maior prazer ou deixaram buracos na parede de cortiça do entendimento. E aquela tarde em Ourense, naquele tempo tão perdido que hoje se chama primeiros anos da década de setenta, eu queria conhecer um poeta que tinha uma livraria, Antón Tovar. A livraria, não me recordo como se chamava a livraria, seria Estanco ou Tanco? Não me recordo mesmo. A livraria ainda estava fechada e não havia ninguém dentro. Voltei à esplanada onde tomara o café depois do almoço e vi, solitário, numa mesa, escrevendo num caderno, alguém que de pronto reconheci como Eduardo Blanco-Amor, de quem eu acabara de ler a fabulosa *A esmorga* e de escrever um texto para o programa de uma sua peça em representação no Porto. Tímido, como sempre fui, aproximei-me, disse-lhe que o queria conhecer, quem eu era e ali falámos longamente. Tão longamente que ao regressar à livraria de Tovar, este começava já a preparar-se para fechar as portas. Os nossos *calados esconxuros* fizeram parar o tempo e estendi-lhe as primeiras edições de *Arredores* e de *Non* para que mos autografasse e nessa noite jantei com ele e com a encantadora musa inspiradora de *O vento no teu colo*. Fiquei encantado em conhecê-los. De quando em quando lá o correio me trazia uma carta na letra tremida de Tovar, sempre entusiasmado com qualquer coisa que pretendia fazer. Amargu-

rou-me o seu *Diario sin datas* e fiquei perplexo ante o poeta António Tovar em castelhano, quando me mandou o tomo dessa sua poesia. Afinal, ele era dois grandes poetas com o mesmo nome, com maestrias idênticas, mas em idiomas diferentes. Um princípio do internacionalismo que o empolgava?

De quando em vez, releio António Tovar, mas há muito que não vou, como ia, passear pelas velhas ruas de Ourense, onde os meus velhos amigos foram desaparecendo e agora já não conheço quase ninguém.

*terra chá*



A Manuel, Xela, Luísa

---

Ana Romaní

Esa forma de area que adoptan os días co tempo  
esa sombra da luz que asombra as horas  
que pasan      que seguen estando  
regresa  
observa a matriz    a forma do dátil    espiral  
que almacena no instante  
os instantes  
Ese pregue da voz que foi tan tensa para ser así  
poema      superficie que desvela a esfera  
Esta insistencia

## Fotografías na consola

Salvador García-Bodaño

Vénseme ao pensamento a vosa imaxe irreal,  
núa xa de porvires e espida de nostalgias,  
no baleiro do tempo

onde empeza a eternidade.

Fotos imaxinarias reteñen o pasado  
na consola dos días  
e na arca dos soños.

Tempo parado contra o pasar do propio tempo,  
levo o voso recordo  
e o voso ser a resgarde  
en intres fragmentados da memoria da vida,  
todo o que me deixastes preto do corazón.

Dende o fondo de vós  
vindes renacer no canto,  
na palabra creadora como nova existencia,  
na raíz comunal da lingua  
e das nosas ansias.

Con nós vén o valente pulsar da vosa vida,  
as querenzas que aquí mantiñades,  
as arelas,  
a nos daren alento para cada xornada.

Coas ilusións de todos construiremos un soño  
ou unha terra forte  
propicia á nosa historia.  
Nela han ver os máis novos  
cumprirse o seu destino,  
ben lonxe da vivencia da patria desposuída.

Xuntos imos no día a día da ruta aberta  
para entregalle ao pobo  
a consciencia de si mesmo,  
a súa autoestima de vez reconquistada.

Ides cabo de nós na marcha da liberdade  
e non van separarnos nin nos separaremos.

Síntovos onde a nós cando digo os vosos nomes.

## Inventario na chaira

---

Manuel Álvarez Torneiro

Abro o libro dos ollos.

Estes son os camiños que nos deron,  
e os restos da tormenta.

Estes son os altares do cansazo, as arcadas  
vencidas das bubelas,  
as memoriosas torres e os adros  
dunha pasiva luz e morte rústica.

Detrás destas camposas será noite  
de raíces tenaces e pulsión invertida.  
Veño de lonxe, unánime e ofrecido  
á grandes evidencias.

Todo foi extinguido, cegado o diamante,  
os trazos do solsticio,  
as lámpadas felices agachadas nas noites  
como sexos ou brasas.  
Xuventude dun día, carricanta solar,  
levadura, arboredo,  
tanto verso-inventario...  
Arremangado pulo a palpitar en todo.

Estes son os camiños,  
onde chega o aviso da invernía

e medran as distancias que entristecen as tardes.  
Inza un vento unha cinsa, precipita memorias  
cando un poldro galopa polas chairas da épica.  
Abro o libro-inventario.

Nas nosas mans ardían os corazóns das pedras,  
os paxaros que aniñan nos arcos sen alcance,  
as mazás sempre verdes, enceradas de frío.  
Levamos os estigmas dun milagre fugaz.

Máis alá destes campos ara, insomne, unha sombra.

## Os vellos mestres

---

Xavier Rodríguez Baixeras

Alí quedou a estatua que co seu brazo firme  
aparta con desdén os meus soños avoltos  
e que, pechando os labios, desiste de pedirme  
retallos de horizonte que xa alvisco disoltos.

Os antigos quixerón petrificar a vida  
e nas dobras de mármore sofocar o desexo  
e deron dor á pedra e sorriso á ferida.  
O tempo, duro afán, é o que neles envexo.

Agora, xa conforme, baixo os altos beirís,  
escapo aos tortuosos calexóns e procuro  
a distancia que, libre, segregá un paso gris.  
E finxo que desbusto remoto ceo impuro.

Florencia. Nadal 2004

## espécie

---

Luísa Mota

Uma espécie.  
Mastigar os passos ardentes  
Aí se fecham os sítios  
a que vou pertencer.

encontrar uma presença  
talvez de deuses,  
o que ardia em convulsão

Quando o claustro abriu latejei.  
Como é redimivel  
a confissão.

Lembrar-te ás ainda que existo  
de cama  
nesta casa fechada

Não tem nome este corpo de ideia.  
O efémoro ganha apoteose de destino  
heresia viva  
à ultima vela, a tua mão prendeu-me o braço  
quando todos os meus nervos estavam a rogar

Escorrego.  
na casa de espelhos da poesia,  
rasgas a camisa, tornas.  
  
esmago a tâmara,  
recordo sempre.

## O dia de hoje!

---

Aurelino Costa

Cenouras nas árvores  
em pampa lustrem as várzeas

bezerros lusófonos pastam de missal  
pedros e putas ensaiam a imposição das cinzas  
quando, claro orvalho?

Secam feéricas as bentas dos anos  
Poejos de mel gotejam flácidos a borbulhar

Lúcifer afronta o quarto sujeito de ânus velho  
papa a mosca na casta bulha do leite  
e despe-se no espelho da fome ...

Quando, claro orvalho?

Tulipas finas de teu amarelo  
Ensaibram as vestes coléricas de roma  
E tomam o silêncio por vinho...

Sache em salto e pique a monda fetal danos d'hei  
Claustro d'osso em circunspectos

ópera do mar em ombros

O claro orvalho na língua de fogo  
êmbolo azul num domingo antigo  
núncio d'astros num fulminado roseiral

mãe, antiga mestra de meu ósculo novo  
agora sou bovino e touro, que fazer no jogo?  
dorme a estátua branca em dentes d'ouro!

Látego filme do que não há na pele do gomo  
Encanastra até ao gume tudo o que consome  
amor dório em estardalho lume

foco a verruga no olho casto de santo – sanitário do fogo  
mergulho o cabelo comprido no lago do rosto  
dispo e unto o seio no húmus da luz cistina dos séculos

quando?, até quando sacro orvalho da manhã d'autono ?

*denuncia do equilibrio*



Luz Pozo Garza

A Valentín e Amparo  
A Darío

1

Ía agromar a primavera pero acaso chovía  
Pero acaso chovía meditadamente 4 de marzo Granxa de Barreiros

Houbo na casa un gozo de mapoulas e fuchsias e de licores ledos  
chorimas ventureiras acordes silenciosos páxinas distendidas

Chegabas e abrasabas cunha cunca de luz que non se extingue nunca  
Un esplendor de ardora no fondo da beleza abisal recén nada

Todos sabían que levabas a rosa de cen follas impresa no costado  
do lado esquierdo preto do corazón para incendiar as noites  
para ferir as verbas que nunca foron ditas

para escribir talvez un paraíso escuro e borrallo de novo dun plumazo  
para bater o medo lusco fusco dos días de infortunio cun radar lacerado

para loitar en contra da entropía contra das marcas irreconciliables  
para botar por terra o equilibrio dos deuses o seu prestixio extático

Consumar dunha ollada de mirada arquetípica felinos ou cabalos  
dunha estirpe novísima de antes da primavera cando nada está escrito  
sobre os cómaros verdes

2

Ollos de lume e labios de camelia camelizáme a gosto...  
a descamelizarte cando xela en Galicia no reino mesmo implícito  
do desmán e a carencia

Neste reino ferido da nosa periferia que era o centro absoluto  
que ti amabas  
Pois quererías ser como unha supernova para plantar o lume  
nas esferas altísimas coa sinxeleza de plantar o líño no tempo das  
alaudas

Viñeras a tronzar a rosa de cen follas e a desmitificar  
a exquisita corola dos soños permitidos e canónicos

Viñas facer do mundo unha táboa rasa pra te sentir en fuga  
en ventimperio en pretexto de loitas contra calquer oráculo

Quererías talvez desconectar os ríos as liturxias os templos  
as tribunas as crónicas os velenos agónicos da rosa  
e ás veces o erotismo do ser contradictorio

E gritabas cun berro partido en dous segmentos a verba In Dependencia  
Perseguías acaso ese fulgor que cega

Falabas coa fermosa boca dos derrotados

3

Desintempérialate e non descamelices no lugar que te atopas  
cando xela en Galicia tan extremadamente na friaxe da morte

Incorpórate ós tempos das camelias de Vigo  
ós équidos feridos ós libros que escribías como unha lúa excéntrica

E recolle as camelias tan seducción tan sombra tan penumbra  
tan holograma mesmo Rosalía  
tan novelo tan mar de Vigo tan intemperízome

Tan lámina de vento que bate nas cordaxes dunha alma estradivarius  
como Luísa Villalta...

Transitas e ultrapasas aquela infancia mítica das mañas de Fingoi  
por ínsulas absortas astros desordenados e planetas que claman  
e reclaman a túa persistencia incorruptible

e vas serenamente sen volver a cabeza camiñando a deshora  
camiñando a deshora camiñando a deshora en procura daquela  
luz altísima  
que sempre perseguiras no teu pasar gozoso polas rúas de Vigo  
fermosísima Xela a diario a diario con Darío da man

23 de marzo de 2005

## Confesión incompleta dun amigo do heroe

Gonzalo Navaza

Concedeume a fortuna coñecer o segredo  
do teu nome escondido. Abonda pronuncialo  
co timbre dun tremor para que ascendan nubes  
de antano polos cómaros e as neves de onte pousen  
un estremecemento no lombo das estatuas.

Aluman ese nome luares doutras noites,  
cando ardía o desexo nas fragas da epiderme  
e proclamaba xúbilos que finxían certezas  
ou flámulas de mastros o mar dos extravíos.

Tempos de rock and roll, de ousados horizontes,  
de ilusas travesías sen rota de regreso  
onde gozar prodixios en incógnitas illas  
nunca de antes tripadas de pegadas humanas.

Queimaramos as naves no porto escintilante  
das luces de neón, a música nos pulsos,  
e tiñamos por certo, coitados, que os abismos  
premiaban con tesouros a audacia temeraria.

A walk on the wild side era avidez nas veas,  
a horse with no name nas gozosas vixilias,  
as ansias a virar nun carrusel de lonxes

co abraio dos ancestros preguntándose en balde  
que periplo era aquel camiño de ningures.

As palabras rebeldes roldaban as meixelas  
coma bágoas surtidas dun feroz dicionario  
e o corazón largaba trasmallos infelices  
no incerto pego negro do teu ollar profundo.

Sei o teu nome e sei que de dicilo agora  
levantaría a ausencia as pálpebras de bronce  
e os labios tremerían coma nos vellos tempos  
para anunciar a nova da fugaz mocidade  
vencedora da morte e do puñal dos días.

Mais fíxenche promesa de gardar o segredo  
e é tan pesada a carga de saber que depende  
de min tan só, de min –que apenas fun amado  
un efémero outono–, que me falta coraxe,  
que non teño valor e asubío en silencio  
unha danza macabra de oficios insensatos  
entregándome á dor dos amigos do heroe  
que se saben indignos por saíren con vida  
da batalla onde amor sucumbiu sen remedio.

Bastaría dicilo para obrar un milagre  
mais fíxenche promesa e hei de gardar silencio.  
Non ha dicir xamais esta boca ese nome  
así me anegue a voz o mar do esquecemento.

## A expresión poética

Fran Alonso

A expresión poética  
(expreçom plus chic = *poéchic*)  
dos colectores dos hiper  
mercados  
é deslumbrante  
como o dentrífico que  
se con xela nos  
desaugues  
da  
cocacola  
in  
co  
mu  
ni  
cación  
rúas de ver  
te  
doi  
ros (poética)  
de arrobas @ darrobas @ das robas  
expresión, a todos os efectos  
poética in  
reciclaxe urbana do lixo despoxos latas dixitais  
da cocacola

anacos de ratos sumidoiro en trozos (des) da in  
co  
mu  
nin canción  
nn@solitarias  
CC: a min self  
send to © reservados todos os dereitos  
por cocacola poética & solidão.  
E lembre, Equilibrio: marca rexistrada.®  
Nota: este poema é autoreverse.com

## Prende a verba

---

Anxo Angueira

Prende a verba

coma o salgueiro na braña  
prende  
e o solpor nas ondas do teu mare.

Escura de fol voz botada  
para sére-las cores  
ilícitas ilícitas ilícitas  
do herbal sen cancelas  
da fonte onde lavan  
cabelos teus as pícaras  
que non viñan nos libros  
e nunca nunca nunca.

Enormes olmos, mirtos  
coma os que cortas no xardín do pazo  
ou abrazas  
nas mañas de orballo.

Prendeno medran os loureiros na lúa  
fada branca enfariñada  
na fogueira do sol trubado  
a manchea de fieitos  
que escribiche.

E o lar o millo os camiñños  
santos campás e pecados  
a cinza fría do fogar sen lume  
o can que agarda

todo  
así fan as trepeceiras ponlas  
vizo de raíz que todo entupe todo  
o ceo un verso cheo que rebenta  
e nos regala  
a árbore e a bagaña nova idade  
un maio de ben  
séculos.

## As palavras do exímio

Alexandre Teixeira Mendes

As palavras do exímio  
o que se dissipa nessa voz  
do incontido  
a obscuridade do legível

a palavra do exausto  
da plúmbea sombra  
a memória  
o que se ajusta ao visível  
a linguae de bach  
de onde provenho  
os rolos de pergaminho da tora  
a clarividência do excesso  
a eloquência das éclogas de bernardim  
o obstinado que enuncia o abrupto  
a lamentação  
o que se desvanece

## Coberta que fosse

José Carlos Soares


Coberta que fosse  
de aves, ficava  
num longo dizer

a rapariga. Havia misturado  
um perfume a erva brava  
e a canela. Nem sei

por que me lembro  
do que já queima  
os lábios, agora que se dobra

o coração no frio.

*en concreto*



## Pensar é escuro

---

Pilar Pallarés

Se non me vedes fóra nunca máis, é que fiquei aquí, á intemperie de min, envisa en razón tráxica. Descorrín o telón como cada mañá e esvarou no cristal a luz de outono, precisa, silenciosa. Mais eu provoco o ruído dentro de min e en vós, debátome nos gumes deste cuarto, mergullo en discordancia, en desespero, e entrégovos columna de sonido, o meu sorriso leve a soste o invisíbel, e esta memoria dunha luz antiga.

Se non me vedes fóra, no escenario, correndo cara vós, tocando xuntos, non temades por min. Quixen ficar aquí, no teatro de sombras. Estagno o voso tempo nestes muros, adenso a vosa hora na conciencia. Intégrovos en min, formamos parte.

Se non me vedes más á luz do sol, ollade o sol da noite. No seu centro ardo eu. E seino todo.

## A Luísa Villalta, *in memoriam*

---

Manuel Vidal Villaverde

En concreto, Luísa,  
O mundo foi unha estación silenciada,  
En concreto, estaba o tempo parado,  
Noite de gatos mortos en aroma inmanente de tellados.  
Agardabamos, Luísa,  
Os últimos cilíndricos silencios,  
E non pasaba ningún tren,  
Ningún viaxeiro anónimo en tristeiro abandono  
De íntimas estacións e despedidas,  
As chaves que ti dixeches do tempo,  
Mapoulas na fin do cabo,  
En concreto,  
Delicada alta morta amortallada  
En San Amaro,  
En concreto...  
Non houbo nada, e si,  
En concreto,  
As vagas atlánticas baten con tenra furia estremecida  
No areal necrópole da cidade enfeitizada,  
Morar de soños salgados húmidos en San Amaro...  
Morrer morrendo, Luísa.  
En concreto solicitamos o silencio que sempre precede ao  
Ruído,  
En concreto de in-concretos, as ondas xa definitivas,  
Amolecidas, adecidas,

Ecuacións sobre indefinidos reconstruídos,  
Sempre sombras siluetas esquecidas do esquezo.  
En concreto de paroxos  
E rumores que descen de abanqueiros,  
Do que foi a vida,  
A morte,  
Sen caínza o corpo,  
O tempo liberado das chaves,  
Enxoito murcho o riso,  
Luísa.

Bernardino Graña

E líbranos, Señor, do que sen Ti  
polo mundo inda flúe en desatino.

Da firmísima música calada,  
do melódico vento, o rexo estralo,  
a chuvia longa, longa, sonorosa,  
badalada, campá, garduamento  
de ondas polos mares coma follas,  
acesas lanzas, prantos, violinos...  
Xire todo en si mesmo, en branco xiro,  
radical, profundísimo, gran río.

Fure e tenda unha vaga, enorme praia,  
un radical rumor, total ruído.

Penetre, si, penetre feminina.  
Humidosa, a fluír por todos nós.  
Luísa está por nós en desatino.

pregunta derradeira

---

Rafa Villar

dime,  
camarada,  
como vén  
e como ten ollos a morte  
cando  
quedamos sós?

como esvara  
deica o seu silencio atrapado  
e nos prohíbe?

como,  
camarada,  
deixar gravado na memoria  
o teu tempo de escuma?

Uma notícia d' além túmulo  
chega-me via sms  
Zumbe o telemóvel no bolso  
direito do casaco a faiscar  
A Luísa morreu diz-me  
o Alberto do outro lado mar  
com as letras todas  
sem abreviaturas ou contracções  
Que há notícias que exigem palavras completas  
frases morfologicamente assassinas  
prosódias rarefeitas e semânticas fulminantes  
Pouso o mensageiro em cima da mesa  
e vou até à varanda ver-o-mar  
Acendo um cigarro mas nem mar  
nem cigarro nem varanda qual quê  
Só um telemóvel com um monitor  
estupidamente a brilhar  
se impõe a toda a paisagem  
Se não tivesse telemóvel isso não acontecia  
Ou se o casaco não tivesse bolso  
do lado direito só do esquerdo  
E se nem casaco tivesse seria ainda melhor  
Como se faz para responder  
a uma notícia d' além túmulo?  
Alheio a tudo o que à minha volta

já não é para mim  
fixo o olhar, como se uma força obscura  
o comandasse, naquele estranho  
objecto que me manda mensagens  
funéreas tremendas são  
ss vibrações daquele tanatomóvel  
Pode ser que a notícia  
por um milagre de desaparição  
a que chamamos deletagem  
já não esteja lá ou milagre por milagre  
que o seja de verdade  
que nunca notícia assim tenha recebido  
Ou ainda coisa que não seria inédita  
deletérios pensamentos me sucedam  
a pensar no Freud esse gajo que  
até a amizade estragou que disse  
assim o digo eu que ocorre  
bastas vezes o desejo de matar  
a quem gostamos  
Tristes são na verdade os momentos de luto  
em que a fantasia se afinca nas negas  
do que à nossa frente está  
O desamparo é coisa lastimável  
de se ver bem como as voltas  
que o pensar dá no desnorteio  
de se saber desvalido o estupor  
de pensar que andei sabe-se lá quanto tempo  
com a morte no bolso direito do casaco  
Pasmado fixo o olhar no monitor  
d' além vida e como coisa automática  
um grande olho cósmico projecta-me  
para as ruas do Funchal

Fumo de luto

Vergílio Alberto Vieira

à memória  
de Luísa Villalta, violinista

Com o arco de pélo de cavalo,  
Prolonga, o contrabaixo, a condição  
De o mundo o tempo todo ter à mão  
E poder, a todo o tempo, deplorá-lo.

Em querendo tanto a si afeiçoá-lo,  
O instrumento é, de resto, a perdição  
Com que as cordas embaraçam o coração  
E o braço chega, por fim, a sufocá-lo.

Conquanto se desconheça o dia, a hora  
De voltar a Deus, à luz primordial,  
Sempre longo é o tempo da demora.

Para o que deu, de modo natural,  
O muito que, por bem, se fez penhora  
Do pouco em cada instante original.

## Índice

Palabras en prosa .....	7
Baldo Ramos: ilustración da cuberta e da contracuberta	
<i>arredores</i>	
Alexandra Bernardo: ilustración .....	13
Estíbaliz Espinosa	
<i>Micropolifonías</i> .....	15
Xulio L. Valcárcel	
<i>Viaxe ao Oeste</i> .....	17
Miro Villar	
<i>Soneto Habana Blues</i> .....	19
Manuel Forcadela	
<i>Adeus, literatura (fragmentos)</i> .....	20
Alberto Augusto Miranda	
<i>son de poesía</i> .....	23
José Viale Moutinho	
<i>António Tovar, naquele tempo</i> .....	24
<i>terra chá</i>	
Pedro Gonzalves: ilustración .....	29
Ana Romaní	
<i>A Manuel, Xela, Luís</i> .....	31
Salvador García-Bodaño	
<i>Fotografías na consola</i> .....	32
Manuel Álvarez Torneiro	
<i>Inventario na chaira</i> .....	34
Xavier Rodríguez Baixeras	
<i>Os vellos mestres</i> .....	36

Luísa Mota	
<i>espécie</i> .....	37
Aurelino Costa	
O dia de hoje! .....	39
 <i>denuncia do equilibrio</i> 	
Lois Gil Magariños: poema visual o <i>sublime</i> .....	43
Luz Pozo Garza	
<i>Xela en Galicia dende o 1 de novembro</i> .....	45
Gonzalo Navaza	
<i>Confesión incompleta dun amigo do heroe</i> .....	48
Fran Alonso	
<i>A expresión poética</i> .....	50
Anxo Angueira	
<i>Prendeu a verba</i> .....	52
Alexandre Teixeira Mendes	
<i>As palabras do exímio</i> .....	54
José Carlos Soares	
<i>Coberta que fosse</i> .....	55
 <i>en concreto</i> 	
Anxo Pastor: ilustración .....	59
Pilar Pallarés	
<i>Pensar é escuro</i> .....	61
Manuel Vidal Villaverde	
<i>A Luísa Villalta, in memoriam</i> .....	62
Bernardino Graña	
<i>Luísa Villalta</i> .....	64
Rafa Villar	
<i>pregunta derradeira</i> .....	65
Fernando Martinho Guimarães	
<i>Luísa Villalta</i> .....	66
Vergílio Alberto Vieira	
<i>Fumo de luto</i> .....	69

ESTE LIBRO ACABOUSE  
DE COMPOÑER O 27 DE XULLO DE 2005.

SAE DO PRELO  
O 6 DE OUTUBRO DE 2005,  
ANIVERSARIO DO NACEMENTO  
DE MANUEL MARÍA  
EN OUTEIRO DE REI.

## Edições Fluviais

### Livros:

20. Poma Fidiró, *As iluminações de Aurelino Costa*
21. Fernando Martinho Guimarães, *Apenas um tédio que a doer não chega*
22. *son de poesía* –para Antón Tovar, Luisa Villalta, Manuel María, Xela Arias–, org. de Xoán Carlos Domínguez Alberte

### Arte Postal:

26. José Manuel Travado / Lois Gil Magariños, *São o Belarmino*
27. Jorge Magalhães, *Corpo*